

**PROGRAMA DO RECITAL MULTILINGÜE DE A CABELEIRA
(POEMA TRADUCIDO A 80 IDIOMAS)
DE CLAUDIO RODRÍGUEZ FER**

Data:

3 de febreiro de 2026, ás 10.30 h

Lugar:

Salón de Actos da Facultade de Filoloxía
da Universidade de Santiago de Compostela)

Inauguración:

Elías J. Feijo Torres, decano da Facultade de Filoloxía

Gjekë Marinaj, poeta e director de Mundus Artium Press, entidade que promove o Premio Babel ao diálogo intercultural

Entrega do Premio Babel a Claudio Rodríguez Fer, coa colaboración do estudantado representado por Claudia Seivane, de Lingua e Literatura Españolas, e Fernando Apolinar, de Lingua e Literatura Inglesas

Claudio Rodríguez Fer, escritor e director da Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela

Lectura políglota de “A cabeleira”:

En galego, Mariña Rodríguez Blanco, enxeñeira superior de Telecomunicación pola Universidade Politécnica de Madrid e, por certo, filla do poeta (Versión orixinal do autor)

En portugués, Isabel Morán Cabanas, doutora e profesora de Lingua e Literatura Portuguesas na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Claudia Murici)

En asturiano, Nieves Herrero, doutora e profesora de Antropoloxía na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Xuan Bello)

En éuscaro, Larraitz Uruzola, actriz e titiriteira (Tradución de Ane Marcellán Arantzamendi, Antton Juaristi e Yurre Ugarte)

En castelán, Olga Novo, poeta, ensaísta, profesora e doutora polas Universidades de Santiago de Compostela e Rennes (Tradución dela mesma)

En xudeo-español, ou ladino, Manuela Aira, articulista cultural, profesora e licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Graciela Tevah de Ryba)

En catalán, Dolors Perarnau, doutora pola Universidade Autònoma de Barcelona e profesora de Lingua e Literatura Catalás na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Marta Pessarrodona)

En catalán valenciano, Mar Sasha Kuitenbrouwer Cuéllar, estudante no Centro Público de Educación Básica de Grandas de Salime (Tradución de Carmina Santamaría)

En occitano, Francisco José Fernández Campo, doutor en Filoloxía Románica e ex-profesor de occitano na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Eric Fraj)

En francés, María Lopo, ensaísta, catedrática de Francés e doutora en Literatura Francesa pola Universidade da Alta Bretaña (Tradución dela mesma)

En italiano, Claudia Seivane, graduada formada en Lingua e Literatura Españolas nas Universidades de Santiago de Compostela e de Perugia (Tradución de Ana Rosso)

En romanés e interlingua, Adina Ioana Vladu, poeta, tradutora políglota, doutora en Lingüística pola Universidade de Bucarest e investigadora na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Ion Deaconescu e dela mesma, respectivamente)

En latín, Xosé Carracedo Fraga, doutor e catedrático de Filoloxía Latina na Universidade da Santiago de Compostela e autor do primeiro dicionario latín-galego (Tradución de Aurora López e Andrés Pociña)

En inglés, Laura Lojo, tradutora de Inglés e doutora e catedrática de Literatura Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Diana Conchado)

En alemán, Katharina Heiber, máster en Alemán pola Universidade Friedrich Schiller de Jena e lectora de Alemán na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Regina Goerger)

En neerlandés, Gideon Kuitenbrouwer, arquitecto, creador en madeira e rehabilitador con autosuficiente sostibilidade dunha aldea na boscosa comarca asturiana dos Oscos (Tradución de Germain Droogenbroodt)

En grego clásico, Amelia Pereiro, doutora e profesora de Filoloxía Grega na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Stathis Papakonstantinou)

En grego moderno, Irene Doval Reixa, doutora e catedrática de Filoloxía Alemá na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Theodora Grigoriadou)

En húngaro, Veronika Gergely, licenciada en Filoloxía Húngara e Portuguesa, bailarina, cantante e tradutora (Tradución de Szabina Ughy)

En ruso, Ekaterina Yakovleva, licenciada pola Universidade Estatal de San Petersburgo en Interpretación e Tradución de Idiomas e máster en Lingüística

Aplicada pola Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Serguey Stepanov)

En polaco e checo, estaba previsto que actuara, como noutras ocasións, Katerina Vlasakova, directora del Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, pero tras escusar a súa ausencia, procurou unha substituta para as linguas checa e eslovaca, así que

En checo e eslovaco, Barbora Valentová, formada na Universidade Médica de Viena e alumna Erasmus Plus da Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Katerina Vlasáková e Lucia Viznárová, respectivamente)

En albanés, Gjekë Marinaj, escritor e tradutor albanu-estadounidense que exerce como profesor na Universidade de Texas e na Universidade Nacional de Uzbekistán (Tradución de Bashkim Shehu)

En turco, Pepa Baamonde, tradutora, ex-docente e primeira persoa represaliada oficialmente por utilizar o galego como lingua vehicular nas aulas (saliento o dato en condición de denunciado por dúas veces polo mesmo motivo) (Tradución de Írfan Güler e ela mesma)

En curdo, armenio, sánscrito, persa, urdu e árabe, José Virgilio García Trabazo, doutor e profesor de Lingüística Indoeuropea na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Urfan Kenî e Remziye Alparslan, Sarkis Mahserjian, Dilip Jaiswal, Tahereh Arabsaeidi, Rocío Moriones e Fatiha Benlabbah, respectivamente)

En xaponés, Noriko Fukushima, hispanista licenciada pola Universidade Seisen de Tokyo e máster en Edición pola Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Asaka Takekazu)

En tagalo e ilocano, Marilette Eusebio, graduada en Inglés pola Universidade de Bulacán en Luzón Central na República de Filipinas e lectora de Inglés no Instituto Lois Peña Novo de Vilalba (Tradución dela mesma e de Anzella Casica, respectivamente)

E como tamén se quere dignificar con aprecio anticlasista as populares variedades gremiais das xergas, xirias, jergas, argots, slang ou como se prefira chamarlles,

En barallete, Laura Paz Fentanes, narradora, articulista e doutora e investigadora da Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de José Manuel Bouzas)

En esperanto, Cristina Fiaño, poeta, xestora cultural e graduada en Enxeñería de Deseño Industrial pola Universidade da Coruña e en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural pola Universidade de Santiago de Compostela, onde fixo o máster en Servizos Culturais (Tradución de Diana Conchado)

E nesa linguaxe visual universal que é a arte, Carmen Blanco, escritora, doutora de Literatura Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, autora do debuxo e do caligrama de "A cabeleira" e por certo, tamén, musa do poema